



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos

PLATAFORMA DE FIRMA

Formación para a integración - FAQs

12/12/2025

Características dos servizos


- Servizos SOAP
 - STG: <https://servizosfirma.stg.xunta.local/Portafirmas/PortafirmasService.svc?wsdl>
 - PRD: <https://servizosfirma.xunta.es/Portafirmas/PortafirmasService.svc?wsdl>
- Autenticación básica mediante o usuario do directorio activo da aplicación consumidora (xunta\usuarioDA)
- Mecanismo de avisos de cambio de estado da solicitude ou invalidación do documento mediante cola AMQ

Características dos servizos

En función do tipo de sinatura categorizamos as solicitudes nos seguintes tipos:

- **Solicitud de sinatura manual:** solicitude que será asinada por un ou varios asinantes co seu certificado dixital a través dalgún dos portais web da plataforma de sinatura.
- **Solicitud de sinatura directa:** solicitude que será asinada no servidor co selo electrónico asociado ao usuario de aplicación que solicita a sinatura. Da soporte ás operacións de sinatura de documentos con selo electrónico definidas nas [Actuacións Administrativas Automatizadas](#).
 - Unha actuación administrativa automatizada é "calquera acto ou actuación realizada integramente a través de medios electrónicos por unha Administración pública no marco dun procedemento administrativo e **na que non interviñese de forma directa un empregado público**".

Sinatura integrada



Preguntas frecuentes

Que tipos de usuario asinante existen na plataforma?

- **Usuario asinante interno:** son usuarios con conta no directorio activo (DA) que asinan as solicitudes dende o portal de **Portasinaturas** empregando o seu certificado local con Autofirma. Para poder enviar unha solicitude de sinatura a un usuario interno a persoa debe estar dada de alta no sistema co rol de asinante. Determinados cargos teñen tamén a opción de realizar as sinaturas cun certificado na nube a través do portal de **Sala de sinaturas**.

Cando na solicitude de sinatura se indica o usuario do DA debe poñerse o prefixo **xunta**

- **Usuario asinante externo:** son usuarios sen conta no directorio activo (DA) que asinan as solicitudes dende o portal de **Sala de Sinaturas** empregando o seu certificado local con Autofirma. Cando se envía unha solicitude de sinatura a un usuario externo este dase de alta de forma automática, se non existe xa no sistema, cos datos da solicitude.

Preguntas frecuentes

Que perfís pode ter un usuario na aplicación?

- **Asinante:** a persoa á que vai dirixida a solicitude de sinatura. No caso das sinaturas desatendidas será un usuario de aplicación.
- **Solicitante:** a persoa que figura como creadora da solicitude. Pode ser un usuario de aplicación.
- **Revisor:** cada asinante interno pode ter un ou varias persoas revisoras asociadas. Cando a persoa asinante reciba unha nova solicitude, esta non aparecerá na súa bandexa de solicitudes pendentes ata que sexa aprobada por algunha das persoas revisoras.

Quen pode invalidar un documento asinado?

Os documentos asinados poden ser invalidados pola persoa solicitante ou pola persoa asinante cando a solicitude só contén unha sinatura.

Preguntas frecuentes

Cal é o número máximo de asinantes dunha solicitude?

O número máximo de asinantes por solicitude é de **9**.

Que formatos de páxina son admitidos pola aplicación para documentos PDF?

Os tamaños de documento aceptados para que o cadro da sinatura apareza na posición correcta son os tamaños estándar A1, A2, A3, A4.

A sinatura pode non estamparse correctamente se hai diferentes formatos de páxina nun mesmo arquivo PDF.

Pódense asinar documentos que non sexan en formato PDF?

Si, non existe ningunha limitación técnica nin funcional. A diferenza entre os PDF e o resto de documentos é que o PDF inclúe a sinatura embebida e no resto de casos a sinatura vai nun ficheiro aparte.

Preguntas frecuentes

Cal é número máximo de documentos por solicitude?

O número máximo de documentos por solicitude é de **20**.

Cal é o tamaño máximo de documento admitido?

O tamaño máximo do documento son **50MB** para as aplicación integradas con ARPAD.

A solicitude de sinatura caduca?

Non, as solicitudes de sinatura non caducan.

Pódese asinar un documento que xa teña unha sinatura incluída?

Si, na nova sinatura se pode incluír a sinatura visible e o CVE, non invalidando a anterior sinatura. É posible que a nova sinatura visible sobreescriba as anteriores debido as posicións por defecto das sinaturas.



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos

Documentación

Documentación

Manual de integración:

- Aplicacións integradas co Arquivo Electrónico Administrativo (ARPAD):
https://xuntatic.xunta.gal/areasTIC/Modernizacion/Administraci%C3%B3n%20Electr%C3%B3nica/ServizosSinatura/SERSIN-AEA_MU_Portafirmas_manualUsuario.pdf
- Aplicacións **non** integradas co Arquivo Electrónico Administrativo (ARPAD):
https://xuntatic.xunta.gal/areasTIC/Modernizacion/Administraci%C3%B3n%20Electr%C3%B3nica/ServizosSinatura/SERSIN-NAEA_MU_Portafirmas_manualUsuario.pdf

Máis información en:

- <https://xuntatic.xunta.gal/wikitic/Paginas%20Wiki/indice-administracion-electronica.aspx>
- <https://intranet.xunta.gal/portasinaturas>



Grazas



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos